



SESIÓN EXTRAORDINARIA DIA 28 DE MARZO DE 2016

SEÑORES ASISTENTES:

Presidente:

D. Juan Alonso Tembrás

Concelleiros:

D. Francisco Sueiras Dopico.

D. Victor Anidos Vilaboy

D. Jesús Fernández Formoso

D. José López Sachocos

D. Juan Carlos López Tembrás

D^a M^a Azucena Otero Pena

D^a M^a Beatriz Martínez López

D^a Maria Carmen Criado Bello

Secretario:

D. Arturo A. Blanco Veloso.

No salón de sesións da Casa do Concello de As Somozas, ás trece horas do día 28 de marzo de 2016 baixo a Presidencia do Alcalde , Sr. D. Juan Alonso Tembrás, asistido do Secretario, D. Arturo Andrés Blanco Veloso concurriron previa citación en forma os concelleiros que á marxe se relacionan, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para esta data.-

Iº.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Reúnese a Corporación en primeira convocatoria e de conformidade co establecido no artigo 91 do Regulamento das Entidades Locais, pola Presidencia pregúntase se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior, que tivo lugar o 14 de marzo de 2016. É aprobada por unanimidade e sen modificacións, o non formularse ningunha observación nin reparo.

IIº.- PROPOSTA DE INCORPORACIÓN DO CONCELLO COMO SOCIO FUNDADOR, NA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO, A CREAR PARA ELABORAR A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO E CONCORRER AOS FONDOS EUROPEOS LEADER DE GALICIA 2014-2020.-

Polo Sr. Secretario dase lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“O día 02/03/2016, publicouse no DOGA núm.42 Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) do 11/02/2016, pola que se publica o acordo do 10 de febreiro de 2016 pola que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento rural, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020,

O Concello xa formou parte, do GDR Asociación Euroeume, que xestinou os fondos europeos do Programa de Desenvolvemento e Diversificación Económica de zonas rurais (PRODER), no período 1994-1999, LEADER+, período 2000-2006 e Eixo LEADER do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia (período 2007-2013).

No momento actual existen en Galicia 31 GAL, denominados Grupos de Desenvolvemento rural.

O Concello foi socio fundador, do Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación Euroeume, que xestionou os fondos LEADER de Galicia 2007-2013

Pero coñecemos que , para o período LEADER de Galicia 2014-2020, redúcese o número de grupo a vinte e catro, modificándose os actuais ámbitos territoriais, de xeito que os concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal van configurar un só grupo.



Por isto, os concellos que conforman a Asociación Euroeume e os representantes das entidades sociais, acordaron na Asamblea Xeral Extraordinaria do 24 de Novembro de 2015 e reiteraron na Xunta Directiva do 29 de febreiro de 2016, iniciar os trámites de constitución dunha nova entidade.

Todo isto co afán de dispoñer dunha entidade que se poida encargar de dinamizar a poboación e propiciar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Participativa e poder concorrer a xestionar ditos fondos europeos, para o noso ámbito rural.

Así, a partir de este mes produciráanse reunións, promovidas e respaldadas polo Concellos.

Concellos que estamas exercendo o liderazgo que nos corresponde neste intre, para conformar un aténtico partenariado local, organizado entorno a unha Asociación sen ánimo de lucro, tal como esixe a UE e, posteriormente, deseñar entre todos a Estratexia de Desenvolvemento Participativo, que nos permitira dipor, xa neste ano, de fondos LEADER para o noso ámbito territorial.

Esa é, en definitiva, a razón de formar parte como socio fundador: participar, impulsar e liderar a gobernanza e o partenariado local.

Á vista do anterior propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- O Concello de As Somozas, co CIF P1508200A, acorda integrarse como socio fundador, na Asociación sen ánimo de lucro, en trámite de constitución, cuxo fin será a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, e concorrer aos fondos europeos LEADER de Galicia 2014-2020.

SEGUNDO.- O Concello de As Somozas desina formalmente a Don Juan Alonso Tembrás, co DNI 32598400V Alcalde- Presidente desta Corporación, como representante no acto constitutivo da nova asociación e como representante permanente deste Consistorio nesa entidade.”

A Corporación, dase por enterada, e por unanimidade e polo tanto co quorúm da maioría absoluta legal dos membros da Corporación, (art. 47.2 letra g.) Da Lei 7/1985, e 215.3. Letra b) da Lei 5/1997, de Administración local acorda:

PRIMEIRO.- O Concello de As Somozas, co CIF P1508200A, acorda integrarse como socio fundador, na Asociación sen ánimo de lucro, en trámite de constitución, cuxo fin será a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, e concorrer aos fondos europeos LEADER de Galicia 2014-2020.

SEGUNDO.- O Concello de As Somozas desina formalmente a Don Juan Alonso Tembrás, co DNI 32598400V Alcalde- Presidente desta Corporación, como representante no acto constitutivo da nova asociación e como representante permanente deste Consistorio nesa entidade.

E non habendo máis asuntos de que tratar que os comprendidos na orde do día, dase por rematada a sesión sendo as trece horas cuarenta minutos, do que, como Secretario dou fé.


Asdo./ Juan Alonso Tembrás.


Asdo.: Arturo A. Blanco Veloso